

## MEDIDAS PREVIAS Á POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE NORMALIZACIÓN DOCENTE

HELENA VILLAR JANEIRO

XESÚS RÁBADE PAREDES

Coordinadores Docentes de Lingua Galega

**Documento de apoio para os equipos de normalización dos Centros de Educación infantil, E.X.B., Educación especial e E.P.A.\***

### 1. Plan de normalización

#### 1.1. Características

-O plan de normalización é un proxecto educativo que forma parte do Plan Xeral do Centro (Orde de 15 de xullo de 1991, que regula o funcionamento dos centros para o curso 1991-92).

-É un plan comprensivo, xa que abarca e compromete a toda a comunidade educativa dos centros de Galicia.

-Ten unha base legal (Lei de Normalización Lingüística 3/1983 de 15 de xuño; Decreto 135/1983 de 8 de setembro; Orde de 1 de marzo de 1988; Circular nº 13 da Dirección Xeral de Política Lingüística de 26 de agosto de 1991 sobre o ensino e o uso do idioma, dirixida ós directores).

-Desenvólvese en dous niveis: *Xeral*, para o uso do idioma, e *específico*, para o ensino en galego.

-Parte da análise do contexto, é dicir, das características lingüísticas da comunidade escolar, do seu medio e do estado de normalización no que se atopa a escola.

---

\* O presente Documento forma parte dunha serie de medidas de apoio que, como Coordinadores Docentes da Área de Lingua Galega e Literatura, vimos presentando, desde febreiro de 1992, a uns cincuenta centros de Ensino Xeral Básico. Encamiñado en concreto a prepara-lo plan de normalización do curso próximo nos referidos centros, *Cadernos de lingua* considerou conveniente incluílo dentro das súas páxinas para poñelo a disposición daqueles ensinantes do país ós que lles poida ser de utilidade.

-É progresivo: Configúrase coa formulación de obxectivos e estratexias que os desenvolvan, ós que se lles asigna temporalización (Plan anual de Centro).

-É avaliable: Analízanse os resultados para remove-las causas dos aspectos negativos (Memoria anual de Centro).

-Desenvólvese en forma de espiral: A análise tómase sempre como punto de partida para as accións sucesivas.

### **1.2. Responsabilidades**

-As accións específicas do plan normalizador deben estar debidamente adxudicadas desde a súa redacción, sendo o seu cumprimento responsabilidade compartida por toda a comunidade escolar.

-O *Equipo de normalización* configúrase, segundo este principio, como un órgano técnico, coordinador e asesor para accións específicas, pero nunca será o responsable único da normalización do centro.

### **1.3. Ámbitos**

-O plan comprende tódolos ámbitos educativos:

-Aspectos administrativos:

-Redacción de documentos internos e externos, boletíns de notas, etc.

-Aspectos de relación coa comunidade:

-Comunicacións, anuncios, avisos, etc.

-Aspectos pedagóxicos:

-Plan de utilización do galego como lingua vehicular e de alfabetización nos primeiros ciclos.

-Aspectos organizativos:

-Relacións con elementos galeguizadores da comunidade, normalización da(s) biblioteca(s), adquisición de prensa con presenza de lingua galega, etc.

### **1.4. Fases**

Funcionando o plan a modo de espiral (os logros acadados serven de inicio para posteriores accións), consta das seguintes fases:

-Avaliación inicial de:

-Pais

-Alumnos

- Profesores
- Persoal non docente
- Medio.

-Concreción anual -non Plan de Centro- formulada en obxectivos, deseño das estratexias pertinentes para levalos a cabo, temporalización e adxudicación de responsabilidades.

-Revisión periódica e seguimento puntual para reconducir e reforzar determinadas extratexias.

-Avaliación anual, que servirá de *feed back* e de punto de partida para a planificación do curso seguinte.

## 2. Avaliación inicial

Para facer do galego lingua de uso normal nunha realidade tan complexa como é un centro educativo, cómpre avaliar tecnicamente a situación de partida. Só cunha avaliación seria e responsable podermos actuar posteriormente sobre a realidade examinada.

Desenvolverase durante o derradeiro trimestre deste curso escolar para fundamenta-la acción do próximo ano académico.

Servirase de procedementos minimamente fiables (enquisa sociolingüística, estudo sociolingüístico do medio...) que, obrigatoriamente, han de ser complementados con outras técnicas cualitativas, propias tamén da recollida de datos (entrevistas, observacións directas...).

As informacións que se tiren detectarán as necesidades, orientarán a actuación inmediata e servirán para priorizar accións naquel sector da comunidade que máis o necesite.

Nunca serán utilizados tales datos como pretexto para xustifica-la permanencia en posicións estáticas e antinormalizadoras.

### 2.1. A enquisa sociolingüística

Servirá de base para detecta-las necesidades de actuación urxente e dela extraeremos datos para:

-Realizar unha análise da competencia idiomática e das actitudes lingüísticas da comunidade escolar: profesores, pais, alumnos...

-Fundamenta-la acción normalizadora nos diferentes ámbitos sinalados anteriormente.

### 2.1.1. Cuestionario base.

Estes cuestionarios poden conter preguntas directas e indirectas, así como ítems de valoración, e han de ser suficientemente comprensivos da realidade como para que nos poñan de manifesto, cando menos, os aspectos seguintes:

#### a) Profesores

- Prexuízos idiomáticos.
- Disponibilidade para o plan de normalización nos seus diversos aspectos.
- Capacitación real e académica na lingua.
- Cambios modificados segundo a introducción de determinadas variables.
- Desenvolvemento lonxitudinal de capacidades e actitudes.

#### b) Pais

- Lingua maioritaria do medio.
- Lingua de instalación das familias, independente dos cambios na transmisión ós máis novos.
- Lingua na que deben ser alfabetizados e escolarizados os primeiros ciclos.
- Cambio de lingua familiar e prexuízos idiomáticos.
- A institución educativa como motor do cambio lingüístico.
- Grao de estima da comunidade pola lingua propia de Galicia.
- Capacidade comunicativa nos niveis oral e escrito.
- Desenvolvemento lonxitudinal de capacidades e actitudes.
- Cambios modificados segundo a introducción de determinadas variables.

#### c) Alumnos

- Grao de competencia idiomática.
- Motores de competencia idiomática: familia, centro educativo, medio...
- Grao e campos fundamentais de socialización en lingua galega.
- Prexuízos idiomáticos.
- Lingua na que o alumno acadou mellor dominio a través da escolarización.
- Desenvolvemento lonxitudinal de capacidades e actitudes.
- Grao de estima que os alumnos teñen pola lingua propia de Galicia.
- Reformulacións para a didáctica da lingua.

Todos estes datos han ir acompañados dun estudio sobre os posicionamentos normalizadores do medio e das institucións públicas ou privadas que exercen influencia na comunidade escolar:

- A.P.A.
- Outras institucións docentes
- Asociacións de estudantes
- Concello
- Asociacións culturais
- Asociacións veciñais
- Bibliotecas públicas
- ...

Pola súa comprensividade, e a título de exemplo, acompañamos un modelo de cuestionario utilizado pola profesora Xulia Fernández nun traballo de investigación que está levando a cabo en varios centros da provincia de Lugo.

### 2.1.2. Delimitación de responsabilidades

Tomamos como exemplo os cuestionarios que han cumprimentar pais e alumnos, por se-lo seu tratamento o que consideramos máis complexo.

ACCIONES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Redacción:	Equipo de normalización.	
-Asesoramentos: Técnico: Estatístico: Tecnolóxico:	Coordinadores Docentes de Galego. Departamento de Matemáticas. Departamento de Informática.	
-Plantilla de tipificación de resultados.	Equipo de normalización.	
-Aval e presentación pública.	Director do Centro.	
Distribución e recollida de protocolos.	Titores	
Tratamento parcial de resultados.	Titores	
Tratamento global de resultados.	Equipo de normalización.	